



DATOS IDENTIFICATIVOS

Idioma moderno: Inglés técnico

Materia	Idioma moderno: Inglés técnico			
Código	P51G140V01108			
Titulación	Grao en Enfermería			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego Inglés			
Departamento	Departamento da E.U. de Enfermería (Pontevedra)			
Coordinador/a	González García, María			
Profesorado	González García, María			
Correo-e	inglestecnico.enf@gmail.com			
Web	http://enfermeria.depo.es			
Descrición xeral	A materia ten como finalidade o desenvolvemento das competencias comunicativas orais e escritas do alumnado e o coñecemento de léxico especializado relacionado coas ciencias da saúde en xeral e coa enfermaría en particular.			

Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B6	Aplicar as intervencións da enfermaría na evidencia científica e nos medios dispoñibles
B16	Ser capaz de utilizar os sistemas de información sanitaria
C8	Aplicar as tecnoloxías e sistemas de información e comunicación dos coidados de saúde.
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización y planificación
D3	Capacidade de xestión da información
D4	Resolución de problemas e toma de decisións
D7	Razoamento crítico
D9	Adaptación a novas situacións. Iniciativa e espírito emprendedor. Creatividade.
D11	Sensibilidade cara a temas ambientais

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Ser capaz de entender, en inglés, conferencias simples, coloquios e relatorios académicos sobre temas médicos o sanitarios	A1 A3 A5	C8	D1 D3 D7

Ser capaz de expoñer presentacións científicas en inglés con bo estilo

A2 B6 C8 D1
A3 B16 D2
A4 D3
A5 D4
D7
D9
D11

Contidos

Tema	
Tema 1. INTRODUCTION	Presentación da materia.
Tema 2. THE HUMAN BODY	1. Introducción á terminoloxía de ciencias da saúde. 2. Principais partes do corpo humano (nome común vs. nome científico). Sufijos e prefixos latinos. 3. Principais órganos do corpo humano e a súa función. 4. Instrucións e peticións amables. Uso do imperativo. Preposicións, verbos preposicionais e phrasal verbs. 5. Comprensión de textos relacionados co tema.
TEMA 3. SCIENTIFIC TEXTS	1. Textos científicos e a súa estrutura 2. Búsquedas bibliográficas en inglés 3. Técnicas de comprensión lectora. 4. Uso de conectores para o discurso. 5. Análise e comprensión de textos específicos.
Tema 4. PRESENTATIONS IN ENGLISH	1. Como presentar os datos de forma efectiva (uso de gráficas, imaxes). 2. Estratexias de comunicación (como presentarse, captar a atención do público, pronuncia, retroalimentación). 3. Estructura da presentación (introdución, corpo e conclusión). 4. Uso de conectores para o discurso.
Tema 5. THE HOSPITAL	1. Persoal sanitario e non sanitario do hospital. 2. O hospital. Describir localizacións. Preposicións de lugar e de movemento. 3. Uso do presente simple e continuo. 4. Comprensión de textos relacionados co tema.
Tema 6. HOSPITAL ADMISSIONS	1. Transferencia de información persoal. Presentacións. Saúdos. 2. Realización de preguntas (estilo directo e indirecto). 3. Uso das abreviaturas médicas en inglés. 4. Uso do pasado simple e pasado continuo. 5. Comprensión de textos relacionados co tema.
Tema 7. HEALTH AND ILLNESS	1. Termos relacionados coa saúde e a enfermidade. 2. Preguntar sobre as necesidades do paciente. 3. Vocabulario relacionado con signos e síntomas comúns. 4. Termos e expresións relacionados coa dor. 5. Expresións de amabilidade. Consellos. Advertencias. 6. Comprensión de textos relacionados co tema.
Tema 8. MEDICATION	1. Tipos e formas de medicación. 2. Vocabulario sobre medidas e expresións numéricas. 3. Prospecto e etiqueta do medicamento. 4. Uso do futuro. 5. Comprensión de textos relacionados co tema.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	26	26	52
Seminario	14	21	35
Traballo tutelado	3	30	33
Presentación	6	18	24
Resolución de problemas e/ou exercicios	3	3	6

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición de léxico, estruturas gramaticais e contidos dos temas de estudo.
Seminario	Realización de exercicios orais e escritos relacionados cos distintos temas impartidos nas clases teóricas.

Traballo tutelado	Lectura e comprensión de textos en inglés: traducións e comentarios de texto relacionados cos exercicios e a materia abordada nas clases maxitrais e nos seminarios. Búsquedas bibliográficas en inglés
Presentación	Sesións de clase expositivas de contidos en inglés: realización de presentación orais en grupo.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Resolución de problemas, corrección dos traballos realizados e consulta de información, de forma presencial (na aula ou nas titorías) ou de forma non presencial (a través do correo electrónico).

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Traballo tutelado	Os traballos tutelados (traducións, comentarios de texto e proba de búsquedas bibliográficas), que servirán para valorar as competencias adquiridas nos seminarios, deberán ser entregados nas datas establecidas pola profesora ao longo do curso. No caso de non ter presentado ou superado estes traballos na primeira oportunidade, o/a alumno/a terá que porse en contacto coa profesora para que lle indique uns traballos alternativos na segunda oportunidade.	25	A1 A2 A3	B16	D1 D2 D3 D7	
Presentación	Valorarase a correcta realización dun traballo e a súa presentación oral en grupo, que deberá ser exposta nas clases de seminario nas datas establecidas pola profesora ao longo do curso. No caso de non ter presentado ou superado este traballo na primeira oportunidade, o/a alumno/a terá que porse en contacto coa profesora para que lle indique un traballo alternativo na segunda oportunidade.	15	A2 A4	B16	C8 D1 D3 D7 D9	
Resolución de problemas e/ou exercicios	Avaliarase a correcta realización da proba que terá lugar nas datas oficiais de exame establecidas. Primeira oportunidade: 4-6-2021, ás 18 h Segunda oportunidade: 6-7-2021, ás 18 h Para superar a materia é imprescindible acadar o 50 % do valor da proba e só a partir deste momento sumarase o resto das probas avaliábeis.	60	A1 A2 A3 A5		D1 D4 D7	

Outros comentarios sobre a Avaliación

Proba final fin de carreira: 5.10.2020 ás 18.30h

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Allum, Virginia and McGarr, Patricia, **Cambridge English for Nursing. Pre-intermediate Student's Book**, Cambridge University Press, 2010

Allum, Virginia and McGarr, Patricia, **Cambridge English for Nursing. Intermediate Student's Book**, Cambridge University Press, 2008

Citores, Ruth and Pellegrinelli, Marco, **Healthy English**, Elsevier Masson, 2009

Glendinning, Eric and Howard, Ron, **Professional English in Use Medicine**, Cambridge University Press, 2007

Grice, Tony and Greenan, James, **Oxford English for Careers: Nursing 1**, Oxford University Press, 2009

American Nurses Association. <http://www.nursingworld.org/>,

British Medical Journal. <http://www.bmj.com/>,

World Health Organization <http://www.who.int/en/>,

National Institute of health (US) web page: <http://medlineplus.gov/>,

BBC (Health section): <http://www.bbc.co.uk/health/>,

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Estatística: Estatística/P51G140V01106

Fisioloxía: Fisioloxía/P51G140V01105

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Anatomía humana: Anatomía humana/P51G140V01101

Bioquímica: Bioquímica/P51G140V01103

Enfermaría comunitaria I/P51G140V01104

Psicoloxía: Psicoloxía/P51G140V01102

Plan de Continxencias

Descrición

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito máis áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=====

=

A conversión da actividade docente presencial a no presencial require da adaptación das guías docentes, por iso, e co obxecto de contemplar alternativas ante as anteditas circunstancias elaborouse o plan de continxencia baseado na experiencia e nos cambios producidos no curso 2019-2020 pola conversión da actividade docente presencial en non presencial. Para iso, elaborouse un modelo común para todas as materias en aqueles apartados modificables das guías docentes do curso 2020-2021, cun deseño que poida ser adaptado con facilidade para permitir un adecuado tránsito da modalidade de docencia, de ser o caso.

Como título que habilita para a profesión regulada de enfermeira/o (CIN 2134/2008) as modificacións afectan só a aqueles apartados/descriptores incluídos nas guías docentes que puideron ser adaptados pola dirección e coordinación do título no centro, non sendo posible modificar as competencias, os resultados de aprendizaxe e os contidos. Non se modifican nin os horarios de clase (salvo acordo previo co estudantado implicado) nin o calendario de avaliación. O plan de continxencia foi aprobado na Xunta de Centro de 13 de xullo de 2020.

ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS DOCENTES, TITORÍAS E ATENCIÓN PERSONALIZADA NON PRESENCIAL

As metodoloxías docentes e as ferramentas telemáticas utilizadas son as que están postas a disposición do alumnado e do profesorado pola Uvigo. A ferramenta máis potente posta a disposición para esta modalidade de docencia virtual síncrona e bidireccional co alumnado é a webconferencia, a conexión en tempo real, e o uso do chat en liña

□ Titoría: mantense a atención titorial no horario establecido na guía docente utilizando ferramentas síncronas (videoconferencias, conversación telefónica etc.) e asíncronas (foros, correo electrónico etc.) que permitan reforzar a acción orientadora e de seguimento do alumnado.

□ Atención personalizada: por e-mail, Faitic, videochamada e a través do campus remoto: aula e despacho virtual.

□ Planificación horaria: as horas presenciais, planificadas segundo o cronograma diario da materia preestablecido e coñecido polo alumnado e o profesorado, non se modifican e pasan a realizarse de xeito non presencial seguindo o horario establecido

□ Lección maxistral: realizarase a través do aula virtual por videoconferencia seguindo os horarios de clase establecidos; clases gravadas polo profesorado dos contidos da materia (vídeos con Screencast e outros medios audiovisuais) a través de Faitic; e uso das ferramentas de Moodle.

□ Traballo tutelado, presentacións virtuais e traballo de aula: realízanse a través de videoconferencia, no aula e no despacho virtual, seguindo o cronograma diario.

□ Seminarios: utilízase o material audiovisual a través de Faitic, e as ferramentas de Moodle para a resolución de exercicios, etc. seguindo o cronograma diario.

ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN

□ A avaliación da materia está orientada á avaliación continua. Pasa a realizarse de xeito non presencial mantendo o deseño e ponderación das probas que figuran nas guías docentes.

□ Para a realización das probas de avaliación utilízanse as ferramentas non presenciais recollidas no Manual de urxencia para a docencia e a avaliación debido á Covid-19 e outras postas a disposición da Uvigo (campus remoto, aulas e despachos virtuais etc.) utilizando as ferramentas soportadas polas plataformas Claroline e/ou Moodle.

RECOMENDACIÓNS FINAIS

En función do momento no que se produza o paso á actividade en liña e da súa duración:

□ Dadas as circunstancias, facilítaselle ao alumnado a bibliografía, recursos e enlaces recomendados para a aprendizaxe non presencial da materia como alternativas á bibliografía básica e/ou complementaria indicada nas guías docentes.

□ As actividades presenciais previstas nas guías docentes pódense fraccionar para incrementar a súa frecuencia e favorecer que o estudantado manteña o seu ritmo de traballo e a súa motivación.

- Pódense activar os foros dispoñibles en Faitic
 - Manterase unha comunicación continua a través da sección Anuncios de Faitic.
 - Difúndiranse e comunicánselle ao alumnado os cambios introducidos en calquera aspecto da docencia
 - Difúndiranse e comunicánselle ao alumnado as instrucións precisas previas para o desenvolvemento adecuado das probas de avaliación.
-